

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 05/09/2019 e que literalmente transcrito di:

“No departamento de Recursos Humanos do Concello de Ferrol atópanse vacantes os postos de traballo de xefatura de Servizo, Técnico/a de prevención de Riscos e xefatura de Sección que se recollen na RPT actual (BOP da Coruña núm. 14 de data 22/01/2015) coas seguintes características:

TIPO	GRUPO	CORPO/ESCALA	PROV.	NIVEL CD	C.E.	R. NACIONAL	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS
F	A1	AX AE	LD	28	1.090,02 €	U.E.		2,4,8
F	A1-A2	AX-AE	C	26	539,98 €	U.E.		2
F	A1-A2	AX-AE	C	26	804,02	U.E.		2,4,8

Observacións:

2- *Este persoal prestará servizo en réxime de especial dedicación, realizando unha xornada de traballo de 40 horas semanais, sen prexuízo dos incrementos horarios que ocasionalmente sexan precisos por necesidades do servizo, ademais de ter disponibilidad para o exercizo das funcións do posto fóra da xornada habitual do mesmo.*

4- *Este posto poderán desempeñalo funcionarios/as doutras administracións públicas, incluída a local.*

8- *Titulacións das ramas económica e/ou xurídica ou equivalentes.*

A complexidade e especialidade do traballo neste Servizo fai imprescindible, en aras a evitar un grave prexuízo ao normal funcionamento, a cobertura urxente dos citados postos, isto sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo.

A principal normativa de aplicación recollese fundamentalmente no decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia, que no seu artigo 4.2.a) establece que cando un posto quede vacante, poderá ser cuberto, no caso de urxente e inaprazable necesidade, en comisión de servizos, durante o prazo máximo dun ano ou ata a resolución do seguinte concurso, no suposto de que este se resolverse antes da finalización do dito prazo, con outro funcionario que reúna os requisitos establecidos para o seu desempeño nas relacións de postos de traballo. No apartado 5 do mesmo artigo se contempla a posibilidade de prorrogar a comisión de servizos por outro ano mais se o posto continúa vacante.

O Real decreto 364/1995 que aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece a mesma posibilidade de nomeamento en comisión de servizos coas condicións expostas no parágrafo anterior.

Pola súa banda a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia sinala no seu artigo 96 que os postos de traballo reservados a persoal funcionario poden proverse excepcionalmente e de xeito temporal en comisión de servizos voluntaria, para o cal o persoal funcionario deberá pertencer ao corpo ou escala e reunir os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

Por todo o exposto, tendo en conta a necesidade urxente de cubrir os ditos posto, e en virtude da Resolución da Alcaldía de data 08/07/2019 proponse á concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. Proceder a convocatoria para a urxente cobertura dos postos indicados mediante comisión



de servizos, a cuxos efectos dáse publicidade para que os funcionarios de carreira interesados, pertencentes aos grupos e corpos o escalas requiridos, presenten neste Concello a petición para que sexan tidos en conta no procedemento do nomeamento en comisión de servizos, acompañada do seu curriculum profesional, antes do 23 de setembro, inclusive, do corrente ano.

Segundo. Publicar no taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello (www.ferrol.es) o acordo.

Non obstante vostede resolverá “

Examinada así mesmo a documentación que o acompaña, así como o informe da Intervención.

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina a concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi mediante delegación conferida por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 08/07/2019 na Casa do Concello de Ferrol o día que figura na sinatura dixital

Dou fe,
O secretario xeral